

CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.dicoruna.es

ACTA DE DATA 25 DE OUTUBRO DE 2013 CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN SELECCIONADORA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL COOPERACIÓN 2013 COIDADOR/A NENOS/AS CONCELLO DE BOIMORTO REALIZACIÓN DE ENTREVISTA, BAREMACIÓN DE MÉRITOS, CREACIÓN BOLSA DE EMPREGO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

En Boimorto o 25 de setembro de dous mil trece, sendo as 11:00 horas reúnese baixo a presidencia D^a Teresa Gómez Cea (Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto) os seguintes membros integrantes da Comisión seleccionadora que se constitúe para realizar a entrevista e valorar os méritos aportados polos/as aspirantes para a selección de persoal cooperación 2013 coidador/a nenos/as do Concello de Boimorto (segundo certificación da secretaria que consta no expediente), e segundo as bases aprobadas pola Alcaldía en decreto nº 381 de data 16/10/2013.

Vogais:

- D^a M^a Esther Vidal Pandelo (Traballadora social do Concello de Boimorto)
- D^a Ana M^a Vallo Camba (Axente de emprego do Concello de Boimorto)

Secretaria: A funcionaria M^a Luisa Cacharrón Souto

Pola Presidenta declarase constituída a Comisión seleccionadora e aberto o acto acordase proceder á realización da entrevista e baremación dos méritos aportados polos/as aspirantes acordando por unanimidade outorgar a seguinte puntuación:

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso oposición praza de coidador/a nenos/as xornada parcial (20 horas semanais)

- **Formación** (puntuación máxima 4 puntos)

Valoraranse cursos homologados de formación e perfeccionamento (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos) relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto de coidador/a de nenos/as

- Curso de prevención de riscos laborais: **0,50 puntos.**
- Carnet de manipulación de alimentos (máximo de antigüidade 4 anos): **0,50 puntos.**
- Curso de primeiros auxilios: **1 punto**
- Outros cursos relacionados có posto, indicando cal se usa como requisito de participación que non computará : 0,50 cada curso ata un máximo de **2 puntos.**

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

- **Entrevista: máximo 2 puntos.** Preguntas aos aspirantes sobre cuestións relacionadas co servizo do Punto de atención á infancia do Concello de Boimorto, valorando o nivel de coñecementos, a claridade das ideas e a súa aptitude.

En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios recollidos na Orde do 03/05/2013 publicada no DOG núm. 88 de data 08/05/2013 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través dos programas de cooperación para o ano 2013, dando preferencia A) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.

B) Menores de 30 anos en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

C) Persoas paradas de longa duración.

D) Persoas con discapacidade.

E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.

F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios /as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non poidese acredita-los requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total , permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes , sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 1,5 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa de cooperación.

- Visto o informe valorativo da técnica de normalización lingüística do concello para acreditar o coñecemento do galego de data 25/10/2013 do candidato que non presenta o Celga 3 ou equivalente:

- M^a Mónica Taibo Mejuto: Apta

1.- CARRIL GARCÍA VANESSA (34893004A)

Requisito formación: Mestre Educación infantil

- Formación (máximo 4 puntos):	
- Carnet de manipulación de alimentos (0,50 puntos)	0,50
- Prevención de riscos laborais (0,50 puntos)	0,50
- Primeiros auxilios (1 punto)	0
- Outros cursos:	1,50
Educación maternal (0,50); Atención temprana de nenos con problemas da audición e da linguaxe (0,50); Nenos e medios de comunicación: un novo proceso de aprendizaxe (0,50)	
- Entrevista (máximo 2 puntos)	1,75
PUNTUACIÓN TOTAL	4,25

2. TAIBO MEJUTO M^a MÓNICA (34899062N)

Requisito formación: Técnico auxiliar na rama hogar, especialidade jardines de infancia

- Formación (máximo 4 puntos):	
- Carnet de manipulación de alimentos (0,50 puntos)	0,50
- Prevención de riscos laborais (0,50 puntos)	0
- Primeiros auxilios (1 punto)	0
- Outros cursos:	0
- Entrevista (máximo 2 puntos)	1,50
PUNTUACIÓN TOTAL	2,00

A Comisión seleccionadora acorda por unanimidade propoñer ao Alcalde o nomeamento de Dna. Vanessa Carril García con DNI 34893004A, como coidadora nenos/as do Concello de Boimorto.

Segundo o sinalado no punto cuarto das bases de selección quedarían nunha bolsa de emprego a seguinte aspirante que acadou alomenos 1,5 puntos no proceso selectivo:

1.- M^a Mónica Taibo Mejuto con DNI 34899062N (2 puntos)

Non sendo outro o obxeto desta reunión dase por rematado o acto ordeando a Presidenta que se redacte a presente acta sendo as 11:30 horas do que dou fe.

Boimorto, 25 de outubro de dous mil trece.


SINATURAS

Presidente: D^a Teresa Gómez Cea (Técnica en intervención familiar-psicóloga do Concello de Boimorto)



Vogais:

- D^a M^a Esther Vidal Pandelo (Traballadora social do Concello de Boimorto)



- D^a Ana M^a Vallo Camba (Axente de emprego do Concello de Boimorto)



Secretaría: A funcionaria M^a Luisa Cacharrón Souto



